PREMIOS DE FIN DE CARREIRA

Física:
Susana Doval González

Enxeñeiro Técnico Agrícola:
Gonzalo Astray

Historia:
Víctor Rodríguez Muñiz

Dereito:
María Sol González González

Enxeñeiro en Informática:
Daniel González Peña

Enxeñeiro Técnico en Informática de Xestión:
Manuel Rego Casasnovas

Mestre Especialidade en Educación Primaria:
Pamela Chamborro Gómez

Mestre Especialidade en Educación Infantil:
Diana Vispo Freire

Mestre Especialidade en Lingua Estranxeira:
Verónica Rial Vila

Educación Social:
Sonia Eguía Villanueva

Psicopedagoxía:
Ana González Rodríguez

Belas Artes:
Mª Del Rosario Carril Vigil

Ciencias da Actividade Física e do Deporte:
Ezequiel Rey Eiras

Mestre Especialidade Educación Primaria:
Adriana Recamán Payo

Mestre Especialidade Educación Infantil:
Mª Carmen Estévez López

Mestre Especialidade Educación Física:
Bárbara Sánchez Lorenzo

Enxeñeiro Técnico Forestal, especialidade en Industrias Forestais:
Gonzalo Juan Posada Capón

Fisioterapia:
Perfecto Pampín Lado

Filoloxía Galega:
Víctor Fresco Barbeito

Tradución e Interpretación:
Verónica Martínez Estrada

Química:
Patricia García Domínguez

Ciencias do Mar:
Iria María Duran Navarrete

Enxeñeiro Industrial:
Patricia Novo Rodríguez e Irene Fernández Covelo

Enxeñeiro de Telecomunicación:
Juan Ramón Troncoso Pastoriza

Enxeñeiro Técnico Industrial:
Ángel Collazo Gómez e María José Carreira Ferreiro

E.T.I. especialidade Química Industrial:
Rocío Blanco Prieto

Dereito:
Ignacio Garrido Rodríguez

Uvigo-tv, emisións na rede as 24 h



Uvigo-tv combina a programación en directo co vídeo baixo demanda. A televisión por internet da Universidade permite tanto transmitir eventos en internet como visualizar en diferido contidos de carácter educativo e experimental.

A canle ofrece contidos de vídeo e audio cunha calidade que se adapta de xeito automático a calquera velocidade de conexión á rede, xa sexa un sinxelo modem a 64 kbps, unha liña ADSL ou unha conexión dende o campus a 100 Mbps.

Os membros da comunidade universitaria poden solicitar a emisión de actos, conferencias e actividades celebradas nos distintos centros, así como a súa almacenaxe na biblioteca virtual da canle.

Wireless




Arestora todos os centros dos tres campus ofrecen conexión a internet sen cables mediante a rede wireless, preparada para os estándares 801.11b (11Mbps) e 802.11g (54 Mbps), polo que funcionan coa maioría das tarxetas instaladas na maior parte dos ordenadores portátiles. A súa velocidade de transmisión é de 1 xigabit por segundo co que a fai apta para videoconferencias. O único requisito para acceder á rede e ter unha conta de correo no servidor da universidade, ben de profesorado e persoal de servizos ou ben de alumnado, xa que utilízase como clave o mesmo nome de usuario e contrasinal.

Aviso de alertas a móbiles

O servizo de sms da Vicerreitoría de Extensión Universitaria envía avisos de concertos, teatro, bolsas, deportes ou convocatorias de voluntariado aos teléfonos móbiles dos estudantes que o desexen. Para recibir estas alertas os alumnos so precisan rexistrarse e confirmar a alta, mediante a clave do seu correo electrónico.



Salas AccessGrid



A Universidade conta con 5 salas AccessGrid nos tres campus. Desenvolvido a partir de software libre, este sistema permite interactuar cun número indeterminado de localizacións no país e no exterior, amosando asemade audio e vídeo en directo, compartir documentos de traballo e imaxes científicas complexas como as xurdidas, por exemplo, de microscopios electrónicos ou satélites.
As instalacións da Universidade poden ser empregadas polos membros da comunidade universitaria en reunións de colaboración, en demostracións de modelos ou en videoconferencias cunha alta cifra de emprazamentos.

DUVI

www.duvi.uvigo.es

Dende o seu nacemento no 2000, o diario electrónico da Universidade, publicou preto de 10.000 novas que constitúen a crónica da evolución da institución. A través das súas seccións o medio, aberto á participación de todos os membros da comunidade universitaria, divulga tanto as actividades xurdidas nos tres campus, como o labor desenvolvido polos seus equipos de investigación ou as políticas de converxencia co Espazo Europeo de Educación Superior, sen esquecer a promoción das iniciativas postas en marcha polos estudantes. Un caleidoscopio, en fin, da diversidade universitaria.

UNIVERSIDADE DE VIGO

Textos y Maquetación Gabinete de Prensa | **Fotografía** Lalo R. Villar | © Universidade de Vigo 2006